



NADA E CORRE DE RIVEIRA

CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO GALEGO 2017

REGULAMENTO:

Organiza: Federación Galega de Triatlón
Club Natación Riveira
Email: clubnatacionriveira@yahoo.es
Persoa de contacto: Jose Carlos Matilla 620 98 21 20

Colabora: Concello de Riveira

Participantes previstos: Federados de Triatlón ou mutualizados Xogade

Data e horario da carreira: Domingo 5 de febreiro de 2017
Quecemento a partir das 9:00h
Natación: 10:00h
Carreira a pé: 12:00h
Hora de remate das probas ás 13:00h

Categorías y Distancias:

Categoría prebenxamín:	25m de natación – 250m de carreira a pé
Categoría benxamín (2008-2007):	50m de natación – 500m de carreira a a pé
Categoría alevín (2006-2005):	100m de natación – 500m de carreira a pé
Categoría infantil (2004-2003):	200m de natación – 1.000m de carreira a pé
Categoría cadete (2002-2000):	400m de natación – 2.000m de carreira a pé

LUGAR: Complexo Deportivo a Fieiteira, A Fieiteira, s/n ; 15,960 Riveira

Natación/ Carreira:

Piscina A Fieiteira / Pistas atletismo A Fieiteira

Inscricións:

Data límite o martes día 31 de xaneiro de 2017.
Formalizarse en formato Excel facendo constar o nº de identificador, DNI, apelidos e nome dos deportistas a súa categoría e data de nacemento, o clube e o seu tempo de natación, ante a Federación Galega de Triatlón a través do seu enderezo electrónico (fegatri@hotmail.com) ou fáx (982109800).
Cada entidade identificará un responsable de equipo, delegado ou delegada





con teléfono e enderezo electrónico.

Os clubs deberán formalizar a súa alta/mutualización no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) a través da páxina web, deportegalego.es, dentro do programa xogade.xunta.gal

COMUNICACIÓN DE BAIXAS:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba (1 de Febreiro de 2017). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas economicamente.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe definitiva de inscritos colgarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba (2 de Febreiro de 2017).

Participantes:

Poderan participar nesta actividade, os centro escolares, as ANPAS, agrupacions deportivas, escolas municipais, clubs deportivos e outras asociacións.

Premios:

- Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

Normas de competición

Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo, tratando de conformar as mesmas en base aos tempos de nado que estimen os adestradores.

Establécese que a partir de 120 inscritos na proba, nas categorías cadete e infantil competirán dous nadadores por rúa. Non se admitirán inscricións sen o envío dos tempos. Na final estableceranse as series en función das marcas das xornadas previas.

Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría sexan máis de 20 participantes poderá haber unha saída A e outra B con igual número de deportistas, segundo a orde da clasificación da natación. A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

Outras normas:

Todos os aspectos non recollidos nestas normas deberán ser consultados coa Federación Galega de Triatlón: www.fegatri.org ou na páxina Web da Secretaría Xeral para o Deporte: xogade.xunta.gal

